

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta da sesión ordinaria da Comisión
de Calidade
24 de marzo de 2017**

Asistentes:**Presidencia**

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaría

Susana Rodríguez Barcia

Enlace de igualdade

Maribel del Pozo Triviño

Membros da CC**PDI**

Inmaculada Báez Montero

Carmen Becerra Suárez

Jorge Figueroa Dorrego

Francisco José Ledo Lemos

Ana María Pereira Rodríguez

Veljka Ruzicka Kenfel

José Yuste Frías

Sector PAS

Alberto Pérez Pereira

Alumnado

Pereira Romasanta, Raquel

(sector alumnado)

Desculpan

Miguel Cuevas Alonso

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso

Xoán Montero Domínguez

José Montero Reguera

Elena Sánchez Trigo

Eduardo Varela Bravo

Cristina López Pais

Non asisten

Xosé Henrique Costas

Antonio Rifón Sánchez

Julián Rial Lago (sector alumnado)

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 24 de marzo de 2017 na Sala de Xuntas da Facultade.

Ábrese a sesión ás 12:07h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 15 de febreiro de 2017.**

Apróbase por asentimento.

2. Informe do decano e da coordinadora de calidade.

Comeza o informe a Vicedecana de Calidade, que lembra aos membros da comisión a importancia de responder ás enquisas de satisfacción coas titulacións dirixidas a profesorado e a alumnado de terceiro curso de grao e de mestrado. Ademais, indica que o prazo remata o 31 de maio de 2017.

O Decano empeza o seu informe dando a benvida aos novos membros da comisión: Raquel Pereira Romasanta coma representante de alumnado; Veljka Ruzicka Kenfel coma Directora do Departamento FIFA; Maribel del Pozo Triviño coma nova enlace de igualdade; e, finalmente, José Yuste Frías coma novo Coordinador do Mestrado en Comunicación Internacional. Ademais, agradece o labor das persoas que xa non forman parte da comisión, María del Carmen Cabeza Pereira e Nuria Yáñez Bouza.

Continúa o informe comentando a necesidade de abordar a redacción dun “Regulamento de control da docencia” xa que se observa unha necesidade de regular un conxunto de procedementos que ata o momento non estaban pautados nun protocolo único respaldado pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade. Dende a Área de Calidade da Universidade de Vigo veñen animando ao equipo decanal neste sentido, xa que moitos centros contan xa con este regulamento.

3. Reflexión e discusión con respecto ao borrador do Regulamento de Traballo Fin de Mestrado da FFT.

O Decano inicia a reflexión sinalando que o borrador do regulamento acóllese ao aprobado en Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016. Por iso, dende o equipo decanal decidiuse facer unha proposta na que, dentro dos límites dispostos nesta normativa superior, se concedese autonomía as CAM para fixar as súa propia normativa interna. Tamén se insiste en que a reunión está dirixida a

facer unha reflexión e non hai que tomar unha decisión.

Ana Pereira comenta que, en xeral, está de acordo e que lle parece axeitado. A profesora Inmaculada Báez comenta que máis aló do regulamento, o verdadeiro problema dos mestrados é a falta de apoio administrativo que fai que se concentren moitas labores na figura do coordinador ou da coordinadora. A profesora Carmen Becerra insiste neste punto e abre o debate sobre a redistribución do PAS na FFT. O Decano sinala que a FFT gañará dous postos de unidade de mestrado, que aínda que atenderán aos títulos de máster do ámbito humanístico, estarán ubicados no centro e poderán axilizar labores administrativas de diversa índole.

Retómase a reflexión sobre o borrador do regulamento de TFM co tema fundamental: o procedemento de depósito. Aínda que na proposta non aparece un artigo específico, si se apunta que o depósito pode realizarse no Negociado de Asuntos Xerais ou no lugar que as CAM consideren oportuno. Inmaculada Báez apunta que pode ser útil que se centralice no decanato o depósito do TFM para todos os mestrados. José Yuste, Ana Pereira, Carmen Becerra e Jorge Figueroa Dorrego tamén o consideran unha boa medida. José Yuste apunta asimesmo que sería de gran utilidade que os TFM estiveran dispoñibles para consulta pública na biblioteca, ou en versión electrónica nun repositorio aberto. En xeral, os membros da comisión consideran a publicación dos TFM unha boa medida en canto que obriga en certo modo a coidar máis a redacción e contido dos traballos presentados. En canto a este tema, o Decano queda encargado de preguntar na biblioteca se é posible facer ese repositorio público de TFM, por suposto sempre que se conte co consentimento do alumnado que é responsable dese traballo.

Retomando o tema do procedemento de depósito do TFM, Inmaculada Báez comenta que a CAM é unha comisión académica e non administrativa, e que o tema do depósito debe xestionarse dende a administración, preferiblemente do centro, para contribuír a una organización óptima que facilite, por exemplo, os procesos de acreditación. O Decano recorda que o depósito non só implica decidir sobre o lugar de recollida, senón tamén temas como as datas de entrega, os formatos, entre outros aspectos. José Yuste e Ana Pereira cren que é axeitado darlle autonomía ás CAM para que decidan estes aspectos, pero non negan a utilidade de dispor dun punto común de depósito.

Posto que parece haber un sentir común en que a normativa do centro sobre o TFM regule especificamente o tema do depósito, a Vicedecana de Calidade apunta que é preciso engadir un novo artigo ao borrador, que se disporía antes do referido á defensa do TFM. José Yuste ofrécese voluntario para facer unha proposta que se debaterá na seguinte comisión de calidade.

4. Reflexión sobre a revisión da estrutura do PAT.

A Vicedecana de calidade expón que a estrutura actual do PAT non resulta produtiva en canto aos resultados que se veñen obtendo. En lugar dun auténtico Plan de Acción Titorial que permita unha boa orientación ao alumnado, na actualidade parece máis ben xestionar as queixas dunha parte mínima do estudiantado, posto que a asistencia ás reunións convocadas adoita ser ínfima en proporción cos grupos totais. Se ben é certo que hai notables excepcións, en xeral este absentismo do alumnado ás reunións implica que multitude de titores e titoras entreguen informes nos que non consta ningún asistente. A nova estrutura proposta supón concentrar na figura de dúas persoas para o Grao de Tradución e Interpretación, e dunha persoa para os graos de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e o de Linguas Estranxeiras, as tarefas relacionadas coa coordinación de PAT. É dicir, pasaríase de 16 titores e titoras en TI a 2 coordinadores/as de PAT, e de 7 ou 5 no resto dos graos a 1 coordinadora ou coordinador de PAT. O desconto desas persoas sería a suma dos descontos que actualmente reciben o conxunto de titores e titoras de PAT, 48 horas en TI (24 por coordinador PAT) e 15 horas para a coordinación de PAT no GCLEL e 21 no GLE. A nova figura tería as seguintes vantaxes: visión de conxunto, singularidade para ser ben identificado/a por parte do alumnado, capacidade para realizar informes razoados nos que contemple as problemáticas do alumnado do grao de forma holística, autonomía para organizar as reunións, ademáis de constituír unha canle de comunicación coa coordinación académica do grao moito máis eficiente. Deste xeito, podería descargarse á coordinación dos graos de parte do traballo que realizan actualmente, posto que a figura do coordinador de PAT filtraría e solucionaría xa algúns dos problemas que puideran chegar por parte do alumnado. Finalmente, introduciríase tamén unha serie de contidos coma a orientación con respecto aos recursos e organización da FFT nos primeiros anos ou orientación laboral no último curso (que o GLE xa levou a cabo con éxito) co fin de aumentar a utilidade do PAT para o alumnado.

En xeral, a comisión amósase de acordo coa proposta. Ana Pereira indica que sería útil contemplar tamén a posibilidade de implantar a figura de “delegado/a de clase”. A Vicedecana de calidade indica que pode ser complementaria á nova proposta de PAT. Carmen Becerra di que está de acordo coa proposta, e que todo o que sexa alonxarse da excesiva infantilización do alumnado é positivo. José Yuste apoia tamén a iniciativa tras expor as súas reservas con respecto á actual orientación do PAT que parece ser máis ben un buzón de queixas. Ademais, sinala que as coordinacións actuais están saturadas de traballo e que está ben descargarlas para que poidan desenvolver de forma óptima as labores de coordinación entre materias e cursos. A Vicedecana de Calidade di que as

coordinacións fan enormes esforzos para que o desenvolvemento e coherencia da docencia sexa unha realidade. A profesora Inmaculada Báez comenta que ela consideraba o PAT unha boa iniciativa, e que ela mesma participou como titora, pero que co tempo desencantouse porque o alumnado non manifestaba interese en asistir ás reunións convocadas. Por iso, considera tamén boa idea reestruturar o PAT. Comenta ao fío disto que nos mestrados, en concreto no MILA, funciona ben a figura dos “coordinadores/as de módulo”.

Tras diferentes intercambios que, en xeral, manifestaron apoio á iniciativa de cambiar o sistema actual de PAT, decídese reflexionar ata a próxima reunión na que si se tomará unha decisión que, de ser refrendada pola Xunta de Facultade, entraría en vigor para o curso 2017-18. Os descontos ao profesorado se aplicarían, como é habitual, unha vez desenvolvido o cargo.

5. Rolda aberta de intervencións.

Veljka Ruzicka sinala que o departamento FIFA quedou sen representante de PDI, e pregunta se na Comisión de Calidade se contempla a figura de “suplente”. De ser o caso, indica que sería interesante poder delegar noutra persoa a asistencia ás reunións no caso de que o membro titular non puidese asistir.

O Decano responde que na Comisión de Calidade non se contemplou a figura dos suplente e expón o problema da delegación de voto. Queda encargado de facer unha consulta aos órganos pertinentes.

A representante de alumnado Raquel Pereira Romasanta intervéñ para comentar a utilidade que tería que ao inicio dos estudos de grao existise formación específica sobre a elaboración dos traballos académicos, con indicacións precisas sobre como estruturalos ou como citar correctamente, entre outros aspectos. A Vicedecana de Calidade responde que no GTI impártense eses contidos na materia de “Introdución ás linguas de especialización (español)” en segundo curso. Jorge Figueroa comenta que no GLE faise en cuarto curso. Con todo, parece razoable que se busque un xeito de introducir o tema no mesmo curso e de forma análoga en todos os graos.

Finalmente, a profesora Inmaculada Báez comenta que, como docente da materia de “Comunicación oral e escrita: español” en 1º curso do GLE está moi satisfeita co resultado obtido, e que lamenta a redución de horas e a eliminación dun grupo de prácticas que sufriu esta materia para o próximo curso 2017-18.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:37 h.


Vigo, 24 de marzo de 2017

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe


A secretaria (Vicedecana de
Calidade)



Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade
celebrada o día 5 de maio de 2017.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución



Susana Rodríguez Barcia